

***O CEGO E O ESCRIBÁN***

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_NoCa\_0029\_009\_id723\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_NoCa\_0029\_009\_id723.mp3

**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)  
 Transcripción de texto

**DURACIÓN:** 0:02:47

**DATOS DA RECOLLIDA**

- **DATA DA RECOLLIDA:** Maio de 1999
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** Etribela
  - Parroquia:**
  - Concello:** Marín
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
  - Nome:** Dolores Rosales Santiago
  - Idade no momento da recollida:** 72
- **RECOLLEDOR/ORA:** Sen información
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
  - Título xenérico:** O que todo quere, todo perde
  - Tipo:** Contos realistas (Novelle)
  - Subtipo:** Outros contos realistas
  - Referencia:** Subtipo 996 F



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

María Camiño Noia Campos, recentemente xubilada como catedrática de filoloxía galega da Universidade de Vigo, dirixiu durante décadas valiosos proxectos de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso contou coa axuda do seu alumnado e de colaboradores que, xunto con ela, levaron a cabo recollidas de campo, gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Estes traballos, que tiveron lugar en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito desta labor plasmouse en numerosas publicacións – algunhas delas citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa obra máis recente *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia – sitúa academicamente o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folclore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios dos catálogos tipolóxicos realizados pola propia compiladora.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, novelle, cego, escribán

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Por aquel entonses, bueno, eu inda me acordo de que en Pontevedra que se iba á feira e estaban os seghos e mais os outros sitios, viñan así homes que traían un violín e traían como un conto destes, un caballete destes así da pintura, e poñíanos alí e empesábanche a contar historias. E iban pasando, e viña un rapás con eles, e íbanche pasando as páginas e íbanche contando e cantando, todo o dicían cantando, as historias.

E había un segho que tamén andaba así, andaba polas feiras o pobre, e polas festas, e así ghanándose. E daquela un peso eran moitos cartos, e sinco inda eran máis. E el disía:

– Bueno, eu si os traio ensima miña, calquera día vanme a roubar.

Entonses, había un muro, e foi xunto un muro que eran de pedras – pedras pequeniñas - e alí apartou unha pedra e meteu os sinco pesos dentro. Pero enfrente a ese muro había un escribano, que daquela chamábase escribano ao que son os notarios de agora. E o pobre tamén, daquela, pouco tiña que faser, pouco traballo tiña, que non é como agora que ghañan millóns; daquela andaban a dúas velas, os pobres. E el, como pouco tiña que faser púxose na ventana e mira ó segho metera algo alí, e di el: “Qué será?”. E cando marchou o segho colleu el, pola noite, foi e quita e conforme quita encontra sinco pesos, e di el:

– Caramba para o segho! Ten sinco pesos!

Daquela, madre mía! E rouboullos. Cando resulta, no outro día vai o segho, e vai mirar por se tiña aínda os cartos, mete a man e conforme mete non encontra os sinco pesos, e di el:

– Esto non foi nadie máis que o escribano que está enfrente, seghuramente que me mirou e viunos a coller.

Colleu el –e entra a picaresca, e o *ingenio* de cada un – váiselle á porta e pónselle a tocar co violín:

«Teño sinco pesos nunha buratela,  
e teño outros sinco para meter nela,  
e teño outros sinco para meter nela».



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Entonses o escribano dixo:

– Coño! Se vai meter os outros sinco pesos e non encontra os que ten, n'os mete.

Colleu el, foi á noite e meteu os sinco pesos. Colle o segho, cando mirou máis ou menos, cando se deu cuenta do tempo que había pasado, vai e quita a pedra e, efectivamente, estaban os sinco pesos e colleu e ghardounos. No outro día á mañán, foi diante da porta do escribano e cantoulle:

«Señor escribano  
usté ben o entende,  
o que todo quere,  
todo perdel»